

Beneficiario	Axuda concedida
Vázquez Sánchez, María del Carmen	1.624,00 €
Vázquez Simón, Alfredo	812,00 €
Vázquez Simón, Antonio	812,00 €
Vázquez Trelles, José Manuel	406,00 €
Vázquez Vázquez, Daniel	3.856,00 €
Vázquez Vázquez, Dolores	2.892,00 €
Vázquez Vázquez, Eugenio	1.370,00 €
Vázquez Vázquez, Santiago	812,00 €
Vecino Mancebo, Celestino	406,00 €
Vecino Silvariño, Santiago	406,00 €
Vega Antón, Antonia Amelia	3.856,00 €
Vega Castro, Juan Carlos	103,00 €
Vego Supermercados, S.A.	2.892,00 €
Vehículos Costa, S.L.	1.792,00 €
Veiga Codesido, José Luis	103,00 €
Veiga Pernas, Tomás	4.516,00 €
Veiras Rodríguez, Lisardo	1.067,00 €
Velo Otero, Consuelo	103,00 €
Veloso Chousal, Juan	964,00 €
Veloso Lama, Enrique	964,00 €
Veloso Pérez, Juan	406,00 €
Verdes Debasa, Marino	406,00 €
Verdes Taibo, Jesús Manuel	406,00 €
Verdía Arcay, Manuel	406,00 €
Vergara Domínguez, Juan Bautista	964,00 €
Viajes Melytour, S.L.	8.512,00 €
Viajes Peillet, S.L.	4.032,00 €
Viajes Rois, S.L.	6.272,00 €
Viaxes Benypa, S.L.	1.033,62 €
Vicente Blanco, José Delfín	964,00 €
Vicente Loureda García, S.L.	20.450,00 €
Vicente Moares, Manuel	103,00 €
Vicente Pazos, Gerardo	964,00 €
Vidal Rodríguez, José	2.892,00 €
Vidal Cervantes, César	964,00 €
Vidal Martínez, José Manuel	2.892,00 €
Vidal Raño, Clemente	964,00 €
Vieira Lois, Carlos	964,00 €
Vieiros Marcos, Luis	406,00 €
Vieites Cerviño, Severo	964,00 €
Vieites Miramontes, Manuel	964,00 €
Vieites Pazos, Pedro José	103,00 €
Vigo Hermida, Jesús Manuel	2.688,00 €
Vigo Álvarez, S.L.	2.198,00 €
Vigo Chao, Servando	1.928,00 €
Vigo Delgado, María del Carmen	1.928,00 €
Vigo López, Enrique	964,00 €
Vigo-Barcelona, S.A.	15.680,00 €
Vigon Martínez, Laudelina	18.316,00 €
Vila Veigas, José Manuel	2.892,00 €
Vila Besada, Juan	406,00 €
Vila Cid, Gustavo	1.067,00 €
Vila Mel, Juan Carlos	1.928,00 €
Vila Torres, Arturo	406,00 €
Vila Torres, Francisco Javier	964,00 €
Vilaboy Anca, Jesús	1.928,00 €
Vilanova Roibas, Purificación	2.892,00 €
Vilar Arias, Carlos	2.892,00 €
Vilar Fraga, José Luis	406,00 €
Vilariño Ferreiro, Manuel	406,00 €
Vilariño Veiga, Roberto Victoriano	406,00 €

Beneficiario	Axuda concedida
Vilas Martínez, Ana María	406,00 €
Vilas Vázquez, José Antonio	103,00 €
Vilas Calveiro, Roberto	964,00 €
Vilas Guillín, Jesús Manuel	103,00 €
Vilas Neira, Ramón	4.820,00 €
Vilas Reiriz, Segundo	3.856,00 €
Vilasuso Rodríguez, Alfredo	812,00 €
Vilela Núñez, Balbino Manuel	964,00 €
Vilela Santalla, Andrés	1.928,00 €
Villalba Geada, Manuel	406,00 €
Villamor Abucide, Guillermo	915,00 €
Villanueva Barreiro, María José	3.114,70 €
Villanueva Boullosa, María Isabel	3.136,00 €
Villanueva Campos, José María	1.624,00 €
Villanueva Santos, Alejandro	406,00 €
Villar Rodríguez, Manuel	964,00 €
Villar López, Pedro	964,00 €
Villar Veciño, Santiago	602,59 €
Villarabide Prado, Manuel	964,00 €
Villarín Cordero, Alvito	1.928,00 €
Villarino García, José	964,00 €
Villaverde Domingo, Carlos	964,00 €
Villaverde Estonllo, Santiago	964,00 €
Villaverde Gómez, Manuel	964,00 €
Villaverde Pereiro, José Manuel	2.030,00 €
Villaverde Vidal, María Maite	2.892,00 €
Viñas Díaz, José Luis	1.928,00 €
Viqueira Candal, Juan Manuel	362,00 €
Visecorsa, S.L.	3.856,00 €
Viuda de Alfredo Labora, S.A.	5.376,00 €
Viuda de Gerardo Parada y J. Alvela, S.L.	206,00 €
Vivero González, José Manuel	964,00 €
Vivián González, Luis	964,00 €
Vizcaíno Vila, Jaime	1.928,00 €
Volquytrans, S.L.	812,00 €
Xantar, S.L.	1.280,88 €
Yabromix, S.L.	812,00 €
Yáñez García, Rogelio	812,00 €
Yáñez Ramos, Andrés	812,00 €
Yáñez Villares, Ángel	964,00 €
Zabala Arias, José Luis	964,00 €
Zapata Castro, Fernando	964,00 €
Zas Cebral, Manuel	2.892,00 €
Total	8.329.681,18 €

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 22 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Constitución española, no seu artigo 44.2º, obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do

interese xeral. Ademais, establece no artigo 149.1º 15 que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado.

O Estatuto de Galicia recolle no seu artigo 27.19º que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Esta lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 21 de setembro de 2006, aprobou o PGIDIT 2006-2010 (Incite).

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, determina que estará integrada, entre outros departamentos, pola Consellería de Economía e Industria.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, establece, no seu artigo 4, que a Consellería de Economía e Industria está estruturada, entre outros órganos superiores, pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i).

O Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, establece que lle corresponde á Dirección Xeral de I+D+i, entre outras funcións, a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias que en materia de investigación ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia; a elaboración, xestión, coordinación e control do PGIDIT; a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias e funcións da consellería nas materias de innovación tecnolóxica e innovación na xestión dos sectores produtivos e de infraestruturas tecnolóxicas.

O Incite ten como misión impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade galega. Este plan estruturábase en tres tipos de programas: os programas horizontais, os programas xerais e os programas sectoriais.

Dentro dos programas sectoriais inclúese o Programa de innovación empresarial, que comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o

estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa. Para o desenvolvemento deste programa sectorial no Incite prevese, entre outras cousas, a prestación de apoio financeiro mediante a convocatoria anual de axudas.

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación para o período 2007-2013, publicado no DOUE C 323, do 30 de decembro de 2006 (en diante Marco comunitario), que fai extensivas ás actividades de innovación as posibilidades xa existentes de axuda á I+D.

De acordo co Marco comunitario, nesta convocatoria prevese a concesión de axudas ás empresas galegas para o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial.

Para as empresas, pequenas e medianas (Innovapeme) e grandes (Innovamais), está prevista a concesión de subvencións para a realización de estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para as actividades de I+D+i; para o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial en materia de proceso e organización, para a xestión e a produción; para cofinanciar aqueles proxectos de I+D+i non rematados e que son obxecto de axuda ao abeiro de convocatorias estatais ou internacionais.

Para os centros tecnolóxicos ou clústers empresariais galegos prevese a concesión de subvencións para a creación de novas plataformas tecnolóxicas, para a primeira e segunda fase de consolidación, baixo a fórmula de contratos programa.

A Comisión Europea, mediante Decisión C (2009) 4558 (Axuda de Estado nº N 307/2009-España), autorizou o réxime temporal de axudas para conceder cantidades limitadas de axuda compatible. De acordo con isto, nesta convocatoria está prevista a concesión de axudas ás empresas para a preparación de novos proxectos para a participación noutras convocatorias de axudas estatais e internacionais, que se acollerán ao Marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, publicado no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009 (en diante Marco temporal comunitario).

Consecuentemente con todo o anterior, o conselleiro de Economía e Industria, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente polas leis 11/1988, do 20 de outubro, 12/1989, do 4 de outubro e 2/2007, do 28 de maio,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases, incluídas nos anexos indicados neste artigo, polas

cales se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para as seguintes finalidades:

Finalidade, código de procedemento e anexo das bases:

-Plataformas tecnolóxicas. IN841A. Anexo I.

-Realización de estudos de viabilidade. IN841B. Anexo II.

-Realización de proxectos de innovación. IN841C. Anexo III.

-Cofinanciamento de proxectos subvencionados con anterioridade noutras convocatorias de axudas estatais e internacionais. IN841D. Anexo IV.

-Preparación de novos proxectos para a participación noutras convocatorias de axudas estatais e internacionais. IN841E. Anexo V.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009.

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao Marco comunitario (procedementos IN841A, IN841B, IN841C e IN841D) e ao Marco temporal comunitario (procedemento IN841E).

4. As subvencións recollidas nos procedementos IN841A, IN841B, IN841C e IN841D concederanse para a realización dos proxectos e investimentos que se inicien con posterioridade á presentación da solicitude de subvención.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados que, a título exclusivamente informativo, figuran como anexos (do VI ao X) desta orde, que irán acompañados dos documentos que se especifican no artigo 4 das correspondentes bases reguladoras, que deberán presentarse en único exemplar.

2. Os formularios de solicitude das subvencións deberán obter, cubrir, aceptar e imprimir necesariamente a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>. Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24.00 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Para imprimir a solicitude no formulario válido é requisito imprescindible a súa aceptación previa por parte do solicitante, que deberá facerse obrigatoriamente, como mínimo, 24 horas antes do peche do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente na Oficina de Rexistro Único e Información no complexo administrativo de San Caetano, Santiago de

Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXAP-PAC).

2. O prazo de presentación de solicitudes contárase a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará o día 8 de setembro de 2009.

Artigo 4º.-Información aos interesados.

1. Sobre os procedementos recollidos nesta orde poderase obter información adicional na Dirección Xeral de I+D+i, a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web oficial da consellería (<http://economiaeindustria.xunta.es>), na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.

b) Nos teléfonos 981 95 73 87 e 981 95 73 92 da devandita dirección xeral.

c) No enderezo electrónico info.segapi@xunta.es.

d) Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde Galicia) e 902 12 00 12 (desde o resto do Estado).

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Artigo 5º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, en que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitudes que resulte da aplicación dos criterios de valoración. As aplicacións orzamentarias sinaladas con asterisco están financiadas con fondos Feder e FCI.

Aplicación orzamentaria	Crédito			Total
	2009	2010	2011	
*44.02.561A.770.0	2.500.000	1.600.000	1.600.000	5.700.000
44.02.741A.771.0	2.500.000	5.900.000	3.400.000	11.800.000
*44.02.741A.781.0	2.200.000			2.200.000
Total	7.200.000	7.500.000	5.000.000	19.700.000

2. Os créditos das anualidades 2010 e 2011 poderán estar cofinanciados con fondos Feder.

3. As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo proxecto. Polo demais, estas axudas serán compatibles con calquera outra destinada ao mesmo proxecto, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que conxuntamente non superen o custo total do proxecto. Neste caso, as entidades deberán achegar unha copia simple da resolución de concesión doutras axudas. Terase en conta que o conxunto das axudas acadadas non poderá exceder, en termos de equivalente de subvención bruto (ESB), a porcentaxe fixada en cada procedemento nas súas correspondentes bases reguladoras ou na normativa que lles é de aplicación, cando sexa máis favorable.

4. Teranse en conta as seguintes definicións:

Equivalente de subvención bruto (ESB): valor actualizado da axuda expresado en porcentaxe do valor actualizado dos custos subvencionables.

A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (pemes) está constituída polas empresas que ocupan menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede os 43 millóns de euros.

Na categoría das pemes, defínese unha pequena empresa como aquela que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

Na categoría das pemes defínese unha microempresa como unha empresa que ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Para o cálculo destes efectivos e importes financeiros haberá que aterse ao disposto no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto.

Artigo 6º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; neste caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente, segundo o modelo que se inclúe na aplicación de presentación das solicitudes.

No caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización para acceder á dita información, deberá achegar, xunto coa solicitude, orixinal ou

fotocopia compulsada dos certificados acreditativos, que deberán estar en vigor, de estar ao día nas seguintes obrigas:

-Coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

-Coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

-Nas súas obrigas e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

2. Consonte co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certos documentos que se deban usar neste procedemento xa están no poder da Administración actuante, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Neste caso, o solicitante deberá facer constar a data, o órgano en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, así como o código do procedemento asignado. En todo caso, non poden ter transcorrido máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

5. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal, que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exigencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adop-

tándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelaralles ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de I+D+i será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións. Corresponderalle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 8º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da LRXAP-PAC, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria ou nas bases reguladoras requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6º.1 desta convocatoria resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado e coa comunidade autónoma, e sociais coa Seguridade Social.

Adicionalmente, os interesados, unha vez presentada nun rexistro válido a documentación requirida para completar o expediente, enviarán ao fax do Servizo Galego de Propiedade Industrial e Innovación Empresarial (981 95 73 80) unha copia desta documentación, na cal deberá figurar o selo de entrada do rexistro en que se presentase.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse do solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo 10.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta convocatoria, nas bases reguladoras ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta. No caso de proxectos en colaboración, a inadmisión dun dos solicitantes por non reunir algún dos requisitos establecidos na orde de convocatoria suporá a inadmisión de todos os participantes no proxecto.

5. O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información serán causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 9º.-*Xestores de innovación empresarial.*

1. De acordo co establecido no Plan Incite, a Dirección Xeral de I+D+i designará xestores de innovación empresarial, que colaborarán nas tarefas de asesoramento e seguimento dos proxectos recollidos nesta orde.

2. Para a realización das súas funcións, os xestores poderán solicitar o apoio de persoal técnico experto, que deberá ser autorizado pola Dirección Xeral de I+D+i.

Artigo 10º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes, de acordo cos criterios obxectivos fixados nas bases reguladoras de cada procedemento, así como de emitir o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

2. A súa composición será a seguinte:

a) O subdirector xeral de Xestión do PGIDIT, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.

b) A subdirectora xeral de Innovación Empresarial, ou persoa en quen delegue.

c) O xefe do Servizo Galego de Propiedade Industrial e Innovación Empresarial, ou persoa en quen delegue.

d) Dous xestores de innovación empresarial.

e) Un funcionario da Dirección Xeral de I+D+i, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

3. Na proposta de concesión que formule o órgano instructor figurarán de xeito individualizado as solicitudes propostas para obteren a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras. Indica-

rarse, así mesmo, o importe da subvención para cada unha delas, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das solicitudes consideradas subvencionables quedará en reserva para seren atendidas, ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados para estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 11º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráse-lles de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro de Economía e Industria, que ten a competencia para resolver estas axudas, sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da Consellería de Economía e Industria. Esta resolución deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Á vista da proposta formulada pola comisión de valoración a través do órgano instrutor, e segundo o que dispón o artigo 21.4º da Lei 9/2007, ao non ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o conselleiro de Economía e Industria ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación, que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. As resolucións expresarán, cando menos:

- a) As entidades beneficiarias da axuda.
- b) O importe global da axuda para cada entidade.
- c) A relación de posibles suplentes.
- d) A desestimación expresa do resto das solicitudes.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será ata o 31 de decembro de 2009. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. Segundo dispón o artigo 24 da Lei 9/2007, todas as resolucións serán notificadas de acordo co esta-

blecido no artigo 58 da LRXAP-PAC. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual de concesión de axuda pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde de convocatoria poran fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto da subvención e se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.
- c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará

audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 11º desta convocatoria.

Artigo 15º.-Aceptación e renuncia.

1. Notificada a resolución definitiva, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención ou a súa aceptación poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo XI, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da LRXAP-PAC.

3. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 16º.-Obrigas dos beneficiarios.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, así como daquelas específicas que se indiquen nos anexos desta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Manter o investimento asociado ao proxecto de innovación durante un período mínimo de cinco anos, ou de tres anos no caso das pemes, unha vez rematado o proxecto. Esta condición non impedirá a substitución de instalacións ou equipamentos que queden obsoletos, dentro dese prazo de cinco anos, debido á rápida evolución da tecnoloxía, sempre que a actividade económica se manteña en Galicia durante ese período.

e) Non superar as porcentaxes máximas de acumulación de axudas establecidas na normativa comunitaria europea.

f) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan

obxecto de subvención, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro (L 371/1, DOUE do 27 de decembro de 2006).

g) Solicitalle á Dirección Xeral de I+D+i, previamente á súa realización e, en todo caso, antes de que remate o prazo de xustificación da subvención, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento dos proxectos aprobados. Terase en conta que a realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a devolución das cantidades desviadas.

Artigo 17º.-Subcontratación.

1. Será de aplicación o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 (en diante Decreto 11/2009).

2. Enténdese por subcontratación cando o beneficiario concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constituía o obxecto da subvención. Queda excluída a adquisición por parte do beneficiario da maquinaria e bens de equipo recollidos no proxecto de investimento.

3. Os beneficiarios das axudas reguladas nesta orde de convocatoria poderán subcontratar, como máximo, ata a porcentaxe do importe da actividade subvencionada que se recolle en cada procedemento.

4. Cando a actividade concertada con terceiros exceda o 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se subscriba por escrito.

b) Que a súa subscripción sexa autorizada previamente pola Dirección Xeral de I+D+i, logo de solitude por parte do beneficiario da subvención.

5. En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións que se recollen no artigo 10 da Lei 9/2007.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

-Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

-Que se obteña autorización previa da Dirección Xeral de I+D+i, logo de solicitude por parte do beneficiario da subvención.

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

Artigo 18º.-Xustificación da subvención.

1. Prazos de presentación da documentación xustificativa.

-Expedientes dunha anualidade: 30 de novembro de 2009.

-Expedientes plurianuais (1ª anualidade): 31 de decembro de 2009.

-Expedientes plurianuais (resto de anualidades, salvo a derradeira): 31 de decembro da anualidade de que se trate.

-Derradeira anualidade: 31 de outubro da anualidade de que se trate.

2. Documentación.

2.1. Para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar, ademais da documentación exixida no artigo 6 das bases reguladoras, a documentación que se indica a continuación:

a) Un resumo da execución do investimento en que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados, agrupados por conceptos de gastos. A documentación xustificativa do investimento será: orixinal ou copia compulsada das facturas en relación cos gastos subvencionados.

b) Nas subvencións concedidas a outras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

c) Os períodos de emisión das facturas serán os que se indican no seguinte cadro:

Expedientes dunha anualidade (IN841A, IN841B, IN841E)	Desde: -A data de presentación da solicitude (IN841A e IN841B) -0 1 de xaneiro de 2009 (IN841E) Ata: -0 30 de novembro de 2009
Expedientes plurianuais (IN841C, IN841D) 1ª anualidade	Desde: -A data de presentación da solicitude Ata: -0 31 de decembro de 2009
Expedientes plurianuais (IN841C, IN841D) (resto de anualidades, salvo a derradeira)	Desde: -0 1 de xaneiro do ano correspondente Ata: -0 31 de decembro do ano correspondente
Expedientes plurianuais (IN841C, IN841D) Derradeira anualidade	Desde: -0 1 de xaneiro do ano correspondente Ata: -0 31 de outubro do ano correspondente

d) Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento con data posterior á de remate do prazo de xustificación das subvencións, en cada caso. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento; a satisfacción do importe total da factura; o número de factura a que correspondan, así como o concepto a que se refiren.

e) Para cada unha das subministracións de material inventariable e para cada un dos gastos de consultoría ou servizos externos que superen os 12.000 euros, deberán achegarse:

-Un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que fagan esas subministracións ou que presten eses servizos. Estas excepcións deberán xustificarse en todo caso.

-Unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Nas facturas da maquinaria adquirida deberá figurar, sempre que sexa posible, o correspondente número de licenza.

f) Custos de persoal:

-Entenderase por persoal propio da empresa o que está vinculado con ela mediante relación laboral e que, polo tanto, figura no réxime xeral da Seguridade Social. Tamén se entenderá por persoal propio aqueles traballadores autónomos, e que, polo tanto, figuran nese réxime especial da Seguridade Social, que son propios da empresa solicitante debido á normativa aplicable aos representantes legais das empresas e os socios traballadores.

Para a xustificación do persoal, tanto propio como adicional contratado, destinado ao proxecto, deberá achegarse:

-Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e prace do xerente ou director da empresa, que consistirá nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ao proxecto, que deberá incluír os seguintes datos: sinatura do traballador; número do seu DNI; nome e apelidos; posto na empresa; retribución bruta mensual; data de pagamento das retribucións; importe da Seguridade Social con cargo á empresa, así como a súa data de pagamento, e custo total imputado ao proxecto (retribucións + Seguridade Social).

-Copia compulsada das nóminas do persoal dedicado ao proxecto e xustificantes bancarios do seu pagamento, e copia do boletín de cotización á Seguridade Social (TC2), así como TC1 ou xustificantes de pagamento das cotas á Seguridade Social. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles.

-Copia compulsada do contrato de traballo no caso de persoal técnico adicional contratado pola empresa para a realización do proxecto.

g) Gastos de viaxes:

Unicamente serán financiáveis os gastos das viaxes relacionadas coa execución do proxecto que fosen realizadas polo persoal incluído no proxecto, que poidan xustificarse mediante a presentación de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa. Estes gastos deberán xustificarse con:

-Certificación emitida polo responsable do proxecto, co visto e prace do xerente ou do director da empresa, que incluíra unha relación das viaxes realizadas polo persoal asignado ao proxecto, que deberá incluír os seguintes datos: nome e apelidos; número do seu DNI; posto na empresa das persoas desprazadas; xustificación da necesidade da viaxe; lugar de destino; datas de ida e volta, e conceptos e custos imputados.

-Xustificantes da realización e pagamento dos gastos imputados para cada unha das viaxes relacionadas na certificación.

h) Certificación expedida pola entidade bancaria en que se indique o número de conta do beneficiario en que se deba realizar o pagamento.

2.2. Sen prexuízo da documentación indicada no punto anterior, poderá requirirse do solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Se transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente, segundo o indicado no número anterior, a Dirección Xeral de I+D+i requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente, advertíndolle de que a falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención ou á existencia do reintegro, no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

4. Malia o disposto no número anterior, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros. As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación son os establecidos no artigo 49 da LRXAP-PAC.

5. En todo caso, o prazo de xustificación, incluída a ampliación, deberá permitirlle ao órgano concedente a verificación do cumprimento dos requisitos

fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario correspondente.

6. Cando se aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, porase no seu coñecemento e concederáselle un prazo de dez días para a súa corrección.

7. No caso de que algunha entidade que recibise un anticipo no momento da resolución, de acordo co establecido no artigo 19º desta orde, non realizase ningunha parte do proxecto subvencionado, procederá o reintegro da cantidade recibida, polo procedemento que lle indicará a Dirección Xeral de I+D+i.

Artigo 19º.-*Pagamento.*

1. Poderán realizarse pagamentos anticipados das subvencións recollidas nesta orde, de acordo co establecido no artigo 31.6º da Lei 9/2007, nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria, que serán concedidos mediante resolución motivada.

2. Pagamentos anticipados. A entidade solicitante debe facer constar que opta por esta modalidade de pagamento na solicitude da subvención, e condicionaranse ao cumprimento dos requisitos recollidos para tal fin para os beneficiarios na Lei 9/2007. En todo caso, a suma dos importes anticipados non poderá superar no seu conxunto o importe do 80% da subvención concedida.

a) Proxectos dunha única anualidade: anticiparase ata o 80% do importe da subvención concedida no momento da resolución de concesión. O importe restante aboarase unha vez xustificadas os gastos realmente efectuados, de acordo co establecido nesta orde de convocatoria.

No caso de que a xustificación da anualidade fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución destes fondos nos prazos establecidos dará lugar á incoación dun expediente de reintegro, nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009. De ser o caso, procederá o reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Proxectos plurianuais.

-Primeira anualidade: anticiparase ata o 100% do importe da subvención concedida para esa anualidade no momento da resolución de concesión e unha vez presentada a súa aceptación.

-Derradeira anualidade: non se realizarán anticipos e aboarase unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto. No caso de que a xustificación da anualidade anterior fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención, o importe minorado detraeráse do importe desta anualidade.

No caso de que o importe aprobado para a última anualidade resultase insuficiente para cubrir esta

diferenza, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar a incoación de expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.

-Restantes anualidades: anticiparase ata o 100% do importe da subvención unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto correspondente á anualidade do ano anterior. No caso de que a xustificación da anualidade anterior fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención, o importe minorado detraerase do importe desta anualidade.

No caso de que o importe aprobado para esta anualidade resultase insuficiente para cubrir esta diferenza, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución destes nos prazos establecidos dará lugar á incoación dun expediente de reintegro, nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009. De ser o caso, procederá o reintegro das cantidades recibidas indebidamente.

3. Pagamentos non anticipados. Faranse efectivos, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto.

4. No caso de pagamentos á conta ou anticipos, exímese, de forma excepcional, a presentación de garantías, por ter sido autorizado polo Consello da Xunta.

5. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao pagamento final da subvención, comprobarán a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007.

Artigo 20º.-Graduación dos incumprimentos, reintegros e sancións.

1. A entidade beneficiaria da subvención deberá cumprir cos obxectivos, proxectos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da subvención, así como os compromisos asumidos nela. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá o reintegro da subvención.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no título V do Decreto 11/2009.

2. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación será causa de perda do dereito ao cobramento ou reintegro total da subvención.

3. O incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustifico.

4. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a perda do dereito ao cobramento ou á devolución das cantidades desviadas.

5. Sen prexuízo do anterior, aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007 e no título VI do Decreto 11/2009.

Artigo 21º.-Control.

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo das subvencións.

2. A maiores disto, os xestores do Programa de fomento da innovación empresarial poderán realizar nas entidades receptoras de subvencións, en calquera momento, as comprobacións e aclaracións que consideren necesarias para o correcto desenvolvemento do proxecto; se se constatase unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, poderán propoñer a suspensión da subvención concedida.

3. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D+i poderá convocar os responsables da entidade beneficiaria, se o considera necesario, a unha entrevista en relación coa execución das actividades e os resultados obtidos.

4. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (en diante D.L. 1/1999), e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 22º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 23º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nas bases reguladoras, observarase o previsto na Lei 9/2007; no Decreto 11/2009; no Marco comunitario; no Marco temporal comunitario; no Regulamento (CE) Nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1783/1999; no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999, e no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do 11 de xullo de 2006, do Consello, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1290/1999, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

*Disposicións derradeiras**Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para as plataformas tecnolóxicas (código de procedemento: IN841A)

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As plataformas tecnolóxicas galegas son instrumentos específicos que teñen como obxectivo fundamental acadar saltos significativos nas áreas científico-tecnolóxicas de importancia estratéxica para Galicia mediante o planeamento da estratexia referente á investigación, desenvolvemento e innovación a través das actuacións científico-tecnolóxicas relacionadas cun sector empresarial determinado.

2. As subvencións reguladas nestas bases teñen por obxecto o financiamento das plataformas tecnolóxicas galegas nas distintas etapas do seu funcionamento.

3. Dentro desta liña de financiamento distinguiranse tres fases, que coinciden coas tres modalidades de axudas que se recollen neste anexo, e que son as seguintes:

- a) Creación de plataformas tecnolóxicas.
- b) Consolidación de plataformas tecnolóxicas.

c) Contratos programa por obxectivos.

-Modalidade A. Creación de plataformas tecnolóxicas.

Trátase de incentivar a posta en marcha no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia destas plataformas, co fin de planificar a investigación e o desenvolvemento estratéxico a medio e longo prazo en sectores en que as sinerxías xurdidas entre empresas, centros de investigación, universidades e centros tecnolóxicos poidan incrementar a capacidade innovadora e situar Galicia como un polo tecnolóxico estratéxico a nivel estatal e europeo.

As plataformas tecnolóxicas soamente poderán optar unha vez a esta modalidade.

-Modalidade B. Consolidación de plataformas tecnolóxicas.

O obxectivo é o financiamento dos gastos de desenvolvemento das plataformas no seu segundo ano de funcionamento co obxectivo de facilitar a súa consolidación e dotalas dos instrumentos e servizos precisos para a súa correcta consolidación, como é o asentamento dunha secretaría técnica da plataforma tecnolóxica, como órgano xestor e coordinador das actividades da plataforma.

Todo isto ten o obxectivo final de promover a realización de actuacións encamiñadas a procurar o desenvolvemento de proxectos de cooperación no marco da axenda estratéxica de investigación definida pola plataforma, que supoñan a participación en programas estatais e internacionais de I+D+i das empresas e entidades adheridas a ela.

As plataformas tecnolóxicas soamente poderán optar unha vez a esta modalidade.

-Modalidade C. Contratos programa por obxectivos.

Con esta modalidade preténdese premiar e estimular no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia as plataformas tecnolóxicas galegas que completaron a fase de consolidación en anos anteriores ao desta convocatoria.

A filosofía da fórmula de contrato programa reside na relación que se determina entre obxectivos, actividade, consecución e resultados e subvención concedida. A actividade e resultados acadados debe adecuarse aos obxectivos e metodoloxía esperados para estas estruturas.

Despois das axudas recibidas para completar a fase de consolidación, esta modalidade recolle a realización dunha valoración obxectiva do desenvolvemento de cada plataforma, con base nun conxunto de indicadores de actividade e de resultados, que permitirá o inicio dunha nova etapa de maior estabilidade e vinculación entre os obxectivos estratéxicos e o financiamento concedido.

Do mesmo xeito ca na fase de consolidación, o obxectivo final desta modalidade é promover a realización de actuacións encamiñadas á procura do

desenvolvemento de proxectos de cooperación, no marco da axenda estratéxica de investigación definida pola plataforma, que supoñan a participación en programas estatais e internacionais de I+D+i das empresas e entidades adheridas a ela.

No caso das plataformas tecnolóxicas que accedan por primeira vez á modalidade de contratos programa por obxectivos, primaranse aquelas que amosasen un maior grao de actividade e desenvolvemento ao longo das fases de creación e de consolidación. No caso das plataformas tecnolóxicas que accedesen a esta modalidade en anos anteriores, primaranse aquelas que amosasen un maior incremento da súa actividade e dos seus resultados ao longo do último ano de funcionamento.

4. Para a determinación do custo subvencionable admitiranse, para as tres modalidades, a imputación dos seguintes gastos:

a) Gastos de persoal da entidade solicitante destinado ás tarefas de creación ou consolidación da plataforma tecnolóxica, sempre que se xustifique adecuadamente a súa necesidade e a súa vinculación con ela. Non se considerarán subvencionables os gastos relacionados co persoal que non teña relación contractual co centro tecnolóxico ou co clúster empresarial beneficiario da subvención.

b) Gastos de consultoría externa ou servizos externos, necesarios para o correcto funcionamento da plataforma tecnolóxica. Cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución parcial da actividade que constitúe o obxecto do proxecto, considerarase subcontratación e estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 17 da orde de convocatoria. Estes gastos non poderán superar o 75% do importe da subvención concedida.

c) Outros gastos suplementarios directamente derivados da actividade da plataforma tecnolóxica e que, á vista da solicitude presentada, se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento (viaxes, xornadas, publicacións, material funxible, etc.). Non se admitirán como gastos subvencionables os conceptos relativos ao mantemento das instalacións (luz, auga, etc.). No caso dos gastos en comunicacións (teléfono) só se admitirán custos en que se poida identificar a persoa que os orixina, que deberá figurar como persoal dedicado ás tarefas derivadas da actividade da plataforma tecnolóxica.

5. Estas subvencións terán unha única anualidade; polo tanto, só se admitirán aqueles gastos, dos relacionados no punto anterior, que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude da subvención e a data límite de xustificación establecida no artigo 6º destas bases.

Artigo 2º.-*Contía das subvencións.*

1. De acordo co establecido no artigo 5.8º do Marco comunitario, para unha mesma plataforma, os beneficiarios destas subvencións poderán recibir,

como máximo, o 100% do custo subvencionable o primeiro ano, pero esta porcentaxe verase reducida de xeito lineal nos seguintes anos, e pasará a ser do 90% o segundo ano; e do 80% no terceiro ano. Para a aplicación do indicado neste parágrafo, teranse en consideración aquelas subvencións concedidas a partir do ano 2007 inclusive.

2. As contías máximas de custo subvencionable serán as seguintes:

-Modalidade A. 90.000 euros.

-Modalidade B. 150.000 euros.

-Modalidade C. O importe que se subvencionará será variable en función dos logros acadados pola plataforma desde a súa creación. A valoración farase a través de indicadores de actividade e de resultados que farán aumentar ou decaer o importe mínimo inicial (150.000 euros).

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, aqueles clústers e centros tecnolóxicos recoñecidos pola Xunta de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria, e constarán dos seguintes documentos:

a) Formulario normalizado de solicitude, en único exemplar, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, impreso sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou riscadas no seu formato orixinal. Estes formularios deberán ser asinados polo representante legal da entidade solicitante. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificacións. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de I+D+i de calquera cambio que se produci-se neles.

b) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007.

d) No caso das plataformas que accedan á modalidade A, cartas ou documentos de adhesión á plataforma tecnolóxica dos distintos axentes que formarán parte dela. Nos demais casos deberanse achegar as cartas ou documentos de adhesión correspondentes ao último ano.

e) No caso das plataformas que accedan á modalidade C, toda a documentación xustificativa relativa

aos indicadores de actividade e de resultados. Non se terán en conta para a valoración aquelas actividades ou resultados que non estean correctamente xustificadas.

f) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante.

g) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal da entidade solicitante.

h) Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

i) Declaración pola que se autoriza ou non a Consellería de Economía e Industria a realizar a consulta telemática sobre a comprobación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. A documentación recollida nas alíneas b), c) e i) obterase da aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria.

3. Da documentación relacionada no número 1, os centros tecnolóxicos de carácter público só deberán achegar os documentos sinalados nas letras a), b), c), d) e e).

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

Modalidade A.

a) Programa de actuacións que se van realizar. Valorarase a adecuación entre os obxectivos e as accións definidas e o orzamento solicitado; as actuacións deseñadas e o cronograma formulado e entre a tipoloxía de actuacións e os obxectivos que se pretenden acadar nesta primeira fase de creación.

Valorarase, así mesmo, a definición de actuacións en consonancia coa filosofía e metodoloxía de traballo das plataformas tecnolóxicas galegas pertencentes á Rede Neurona. Entenderase que, para esta primeira fase, as accións definidas deberían estar encamiñadas, principalmente, á captación de entidades, ao desenvolvemento dunha axenda estratéxica de investigación e dun documento de visión do sector relacionado e á formación de grupos de traballo (máximo 42 puntos).

b) Participación de todos os actores do Sistema Galego de Innovación no sector específico da plataforma e grao de implicación do sector empresarial (máximo 35 puntos).

c) Interese para Galicia do sector produtivo en que se enmarca a plataforma (máximo 20 puntos).

d) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita a subvención, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007 (máximo 1 punto).

e) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (máximo 2 puntos).

Modalidade B.

a) Axenda estratéxica de investigación (máximo 42 puntos): teranse en conta o nivel de realización desta axenda, a metodoloxía empregada e a documentación xerada no seu desenvolvemento. Valorarase o emprego dunha metodoloxía adecuada que favoreza a participación de todos os axentes da plataforma na definición da axenda, especialmente do sector empresarial, a organización de paneis de expertos e a adecuación do documento á realidade do sector na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Programa de actuacións para o ano 2009 (máximo 25 puntos). Valorarase a adecuación entre os obxectivos e as accións definidas e o orzamento solicitado, as actuacións deseñadas e o cronograma presentado e entre a tipoloxía de actuacións e os obxectivos que se pretenden acadar nesta segunda fase de consolidación.

Valorarase, así mesmo, a definición de actuacións en consonancia coa filosofía e metodoloxía de traballo das plataformas tecnolóxicas galegas pertencentes á Rede Neurona. Entenderase que, para esta segunda fase, as accións definidas deberían estar encamiñadas, principalmente, ao desenvolvemento dunha axenda estratéxica de investigación e dun documento de visión do sector relacionado, á formación e dinamización de grupos de traballo e á xeración de proxectos colaborativos entre o conxunto de axentes do Sistema Galego de Innovación.

c) Obxectivos fixados para o ano 2009 (máximo 15 puntos): teranse en conta a calidade dos obxectivos, a súa cuantificación mediante indicadores e a súa adecuación aos obxectivos esperados para a fase de consolidación da plataforma.

d) Proxectos de cooperación (máximo 15 puntos): teranse en conta os traballos xa realizados de cara a conseguir a participación das entidades da plataforma en proxectos de cooperación dentro dos programas estatais e internacionais de I+D.

e) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita a subvención, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007 (máximo 1 punto).

f) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (máximo 2 puntos).

Modalidade C.

1. Empregaranse os seguintes indicadores de actividade e impacto na valoración do desenvolvemento de cada plataforma. No caso de plataformas tecnolóxicas que xa accedesen con anterioridade a esta modalidade, a valoración farase en termos de incremento, atendendo as actividades realizadas e os resultados obtidos no último ano.

a) Indicadores de actividade (máximo 27 puntos).

Facilitarán a medición da actividade, dinamismo e esforzo realizado polas plataformas:

-Número de grupos de traballo creados.

-Grao de actividade dos grupos de traballo (mediado segundo o número de reunións mantidas no seo dos grupos).

-Número de empresas privadas participantes na totalidade dos grupos de traballo.

-Número de asembleas realizadas.

-Actividade do comité executivo. Valorarase o número das xuntanzas realizadas, o liderado da industria e a comunicación co resto de axentes do sistema.

-Xuntanzas realizadas con outras plataformas galegas.

-Número de xornadas/seminarios organizados.

-Presenza da plataforma ou dos grupos de traballo de xeito individual nas plataformas europeas ou estatais.

-Outros que a comisión de valoración considere como válidos para medir o progreso das plataformas tecnolóxicas.

b) Indicadores de resultados (máximo 70 puntos).

-Proxectos xerados en cada grupo de traballo e na plataforma en xeral (número, investimento total e empresarial) en que participen, baixo a modalidade de colaboración, como mínimo dúas ou máis empresas, preferentemente con sede ou centro de traballo en Galicia.

Neste punto teranse en conta o número e tipo de entidades participantes no consorcio, considerarase positiva a cooperación (baixo a modalidade de colaboración ou subcontratación) con outros axentes do sistema, como centros tecnolóxicos ou universidades. Valorarase tamén o ámbito da convocatoria de axuda a que se acceda (autonómica, estatal ou europea), se é o caso.

-Proxectos xerados en cada grupo de traballo e na plataforma en xeral (número, investimento total e empresarial) en que participen, baixo a modalidade de colaboración, como mínimo tres ou máis entidades do Sistema Galego de Innovación.

Neste punto terase en conta o número e tipo de entidades participantes no consorcio. Valorarase tamén o ámbito da convocatoria de axuda a que se acceda (autonómica, estatal ou europea), se é o caso.

-Proxectos xerados en colaboración con outras plataformas galegas: número, investimento total e empresarial. Neste punto teranse en conta o número e tipo de entidades participantes no consorcio; o número de plataformas implicadas no proxecto e o ámbito da convocatoria de axuda a que se acceda (autonómica, estatal ou europea), se é o caso.

-Financiamento obtido a través de convocatorias estatais ou europeas para cada proxecto colaborativo

xerado que cumpra as características sinaladas nos tres puntos anteriores.

-Número de empresas de base tecnolóxica (EBT) creadas a raíz das relacións establecidas entre os membros da plataforma.

-Documentos internos xerados.

-Documentos publicados. Ademais dos documentos publicados no seo das plataformas, neste punto teranse en conta as revisións periódicas das súas axendas estratéxicas de investigación.

-Servizos que lles ofrece a plataforma aos seus membros.

-Participación equilibrada de mulleres no comité executivo e nos grupos de traballo.

-Outros que a comisión de valoración considere como válidos para medir o progreso das plataformas tecnolóxicas.

2. A comisión de valoración determinará o algoritmo de conversión destes puntos a porcentaxe de incremento ou decrecemento respecto da cantidade inicial concedida (150.000 euros).

Artigo 6º.-Xustificación da subvención.

Para cobrar a subvención concedida o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación nos prazos indicados no artigo 18 da convocatoria:

a) A relacionada no artigo 18º da convocatoria.

b) Memoria libre en que se detalle o desenvolvemento da plataforma e os resultados obtidos.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

d) De ser o caso, toda a documentación editada e documentación de constitución.

ANEXO II

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a realización de estudos de viabilidade (código de procedemento: IN841B)

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas nestas bases teñen por obxecto a realización de estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para actividades de investigación industrial e desenvolvemento tecnolóxico.

Estes estudos estarán destinados á adquisición de coñecementos que poidan resultar de utilidade e garantir a creación ou mellora de produtos, procesos ou servizos, a través da realización posterior dun proxecto de investigación ou desenvolvemento tecnolóxico. Non se admitirán proxectos que teñan

como finalidade a implantación dunha determinada norma ou certificación.

Establécense dúas modalidades de axuda, segundo o tipo de empresa solicitante:

-Innovapeme: estudos de viabilidade realizados por pemes.

-Innovamais: estudos de viabilidade realizados por grandes empresas.

2. Para a determinación do custo subvencionable consideraranse os seguintes gastos:

a) Gastos de persoal da entidade solicitante destinado á realización do estudo de viabilidade, sempre que se xustifique adecuadamente a súa necesidade e vinculación con el. Non se considerarán subvencionables os gastos relacionados co persoal que non teña relación contractual coa empresa beneficiaria da subvención.

b) Gastos de consultoría externa ou servizos externos que sexan necesarios para a realización do estudo de viabilidade. Cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto do proxecto, considerárase subcontratación e estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 17 da orde de convocatoria. Estes gastos non poderán superar o 75% do importe da subvención concedida.

c) Outros gastos suplementarios directamente derivados da realización do estudo de viabilidade e que, á vista da solicitude presentada, se consideren fundamentais para este (viaxes, material funxible, etc.). Quedan expresamente excluídos os gastos relativos aos seguintes conceptos: xornadas e publicacións. Tampouco se poderán imputar gastos xerais da empresa (auga, luz e teléfono).

3. Establécense uns límites de custo subvencionable mínimo e máximo de 9.000 e 30.000 euros respectivamente, fóra dos cales non serán atendidas as solicitudes.

4. Estas subvencións terán unha única anualidade; polo tanto, só se admitirán aqueles gastos, dos relacionados no número 2, que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude de subvención e a data límite de xustificación establecida no artigo 6º destas bases.

Artigo 2º.-*Contía das subvencións e concorrencia.*

1. Na modalidade Innovapeme estas subvencións poderán acadar o 50% do custo subvencionable e na modalidade Innovamais poderán acadar o 40% do custo subvencionable.

2. Para os efectos do establecido no artigo 5.2º da convocatoria, establécese como límite máximo para o conxunto das axudas acadadas as porcentaxes fixadas no Marco comunitario, para cada tipo de empresa, medidas en termos de equivalente de subvención bruto (ESB).

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, as empresas de carácter privado con personalidade xurídica que estean validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes e que teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.

2. En ningún caso unha mesma entidade poderá solicitar o financiamento de máis de tres estudos de viabilidade técnica.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria, e constarán dos seguintes documentos:

a) Formulario normalizado de solicitude, en único exemplar, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria, impreso sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou riscadas no seu formato orixinal. Estes formularios deberán ser asinados polo representante legal da entidade solicitante. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificacións. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de I+D+i de calquera cambio que se produci-se neles.

b) *Curriculum vitae* de todos os membros do equipo humano asignado ao proxecto. Este documento deberase engadir obrigatoriamente na aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria, como documento en formato Word ou PDF, a través do mecanismo habilitado para tal efecto.

c) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007.

e) Declaración de cumprir os requisitos de pequena, mediana ou grande empresa.

f) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante, ou NIF no caso de empresario individual.

g) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal da entidade solicitante.

h) Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

i) Declaración pola cal se autoriza ou non a Concellería de Economía e Industria a realizar a consulta

telemática sobre a comprobación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

j) Informe sobre o efecto incentivador e a necesidade da axuda (só para grandes empresas).

2. A documentación recollida nas letras c), d), e), i) e j) obterase da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria.

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

Na avaliación realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

a) Carácter innovador do proxecto. Máximo 17 puntos.

b) Metodoloxía e planificación do estudo de viabilidade. Máximo 20 puntos.

c) Resultados do estudo de viabilidade en relación á xeración dun proxecto de I+D. Máximo 10 puntos.

d) Aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados previstos. Máximo 30 puntos.

e) Capacidade da empresa para desenvolver proxectos de I+D. No caso de contratar servizos tecnolóxicos externos ou subcontratación para o desenvolvemento do estudo de viabilidade, por non dispor desta capacidade, substituirase esta valoración pola da entidade que prestará estes servizos. Máximo 15 puntos.

f) Adecuación do orzamento. Máximo 5 puntos.

g) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita a subvención, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007 (máximo 1 punto).

h) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación. Máximo 2 puntos.

Artigo 6º.-*Xustificación da subvención.*

Para cobrar a subvención concedida o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación nos prazos indicados no artigo 18º da convocatoria:

a) A relacionada no artigo 18º da convocatoria.

b) Copia do estudo de viabilidade obxecto da subvención.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

d) Informe sobre o resultado do estudo de viabilidade, segundo o formulario dispoñible na páxina web da Dirección Xeral de I+D+i.

ANEXO III

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a realización de proxectos de innovación (código de procedemento: IN841C)

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. O obxecto das subvencións reguladas nestas bases é fomentar a innovación empresarial en materia de proceso e de organización (producción, márketing e loxística) para aumentar a competitividade das empresas galegas industriais e de servizos. Trátase de impulsar non só as innovacións tecnolóxicas de proceso ou produto, senón tamén a implementación de técnicas de xestión da produción, técnicas de márketing ou técnicas loxísticas. Polo tanto, estas subvencións destinaranse á realización dos seguintes proxectos de innovación empresarial, que se agrupan en dúas modalidades:

-Innovacións para a xestión:

a) Innovación de organización da produción. Implantación de técnicas de xestión da produción relacionadas co deseño, industrialización e fabricación de produtos, orientadas á consecución dos seguintes obxectivos:

-Integración dos procesos de concepción e industrialización, buscando facer o ciclo de deseño máis rápido e efectivo aforrando os custos ligados a esta etapa.

-Introdución de técnicas de deseño orientado á fabricación, así como ferramentas de axuda á xestión da calidade nestas fases que faciliten a organización das operacións na produción.

-Eliminación de actividades que non acheguen valor, introducindo técnicas que simplifiquen e fagan máis eficientes os procesos de produción.

-Implantación de sistemas de xestión integrais mediante a utilización de ferramentas informáticas que supoñen un cambio da xestión e de procedementos implantados inicialmente sen estes sistemas.

b) Innovación de márketing. Implantación de técnicas de márketing destinadas a mellorar a capacidade da empresa nos eidos da distribución, adaptación ao cliente e servizo posvenda.

c) Innovación de loxística. Implantación de técnicas de xestión loxística, orientadas á consecución dos seguintes obxectivos:

-Elaboración de plans loxísticos en que se faga unha análise integral dos procesos (no que basicamente se analicen as referencias, volumes de actividade, custos, procesos, cadros de mando, etc.) para posteriormente definir políticas que reflectan un modelo personalizado que lle permita á empresa a mellora da súa organización e redución de custos.

-Mellora da organización e utilización dos sistemas de información e das tecnoloxías de comunicación utilizadas en toda a cadea: integración de tecnoloxías e sistemas e selección destes sistemas de

información, destacando os sistemas de relación entre empresas, clientes e administracións (B2B, B2C e B2A).

-Xestión do fluxo daqueles bens e produtos que foron rexeitados polo mercado e que son destinados ao procesamento, reciclaxe, reutilización ou destrución ao mínimo custo.

-Xestión da rastrexabilidade do produto ata a súa entrega ao cliente final.

-Innovacións tecnolóxicas de proceso ou produto.

a) Innovación de proceso. Implementación de sistemas ou métodos de produción que sexan novos ou significativamente mellorados respecto dos existentes, ou que estean vinculados coa obtención directa ou lanzamento e posta no mercado de produtos ou servizos novos ou moi mellorados.

b) Innovación de produto. Introducción dun ben ou dun servizo novo, ou significativamente mellorado, en canto as súas características ou en canto ao uso a que se destina.

2. Co desenvolvemento destes proxectos de innovación, as empresas solicitantes deben superar a práctica de simple compra ou adquisición de tecnoloxía (maquinaria, patentes, etc.) e realizar o esforzo por vincular a incorporación e adopción de tecnoloxías adquiridas no mercado con esforzos innovadores propios que favorezan o aproveitamento óptimo delas dentro de cada organización e a mellora da competitividade da nosa comunidade autónoma. En consecuencia, os citados proxectos de innovación, para poder acollerse a esta convocatoria de subvencións, deberán ter as seguintes características:

a) Non se considerarán innovacións os cambios ou melloras de importancia menor, o aumento das capacidades de produción ou servizo mediante a introdución de sistemas de fabricación ou loxística moi similares aos xa utilizados, os cambios nas prácticas comerciais, a organización do centro de traballo ou as relacións exteriores baseadas en métodos organizativos xa empregados na empresa, os cambios na estratexia de xestión, as fusiones ou adquisicións, o abandono dun proceso, a simple substitución ou ampliación de capital, os cambios exclusivamente derivados de variacións do prezo dos factores, a personalización (*customisation*), os cambios periódicos de carácter estacional ou outros e o comercio de produtos novos ou significativamente mellorados.

b) A innovación debe representar unha novidade ou mellora substancial con respecto ao estado actual deste campo na industria de Galicia e, así mesmo, comportar un grao evidente de risco.

c) Un proxecto de innovación non debe limitarse á simple adquisición de material inventariable.

d) A innovación en materia de organización debe sempre gardar relación co uso e explotación de tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) co fin de introducir cambios na organización.

3. Establécense dous tipos de axuda, segundo que os proxectos de innovación sexan realizados por pemes (Innovapeme) ou por grandes empresas (Innovamais). Os proxectos de innovación poden realizarse por unha empresa de forma individual ou por varias empresas en colaboración:

a) Proxectos individuais (Innovapeme):

-O obxectivo é impulsar a xeración de innovacións no interior das pemes, de forma autónoma ou en colaboración con centros tecnolóxicos, universidades ou empresas de servizos avanzados.

-Para este tipo de proxectos só poderán presentar solicitude de subvención as pemes (pequenas ou medianas empresas).

-O custo subvencionable mínimo do proxecto será de 90.000 euros, por debaixo do cal non será atendida a solicitude de subvención.

b) Proxectos en colaboración (Innovapeme e Innovamais):

-O obxectivo desta modalidade é promover a innovación colectiva no tecido empresarial, impulsando a cooperación no esforzo de innovación, para acadar masa crítica que permita acometer proxectos de envergadura e reducir custos da innovación.

-Para este tipo de proxectos poderán presentar solicitude de subvención as pemes e as grandes empresas. Non obstante, no caso de grandes empresas, exíxese que no proxecto en colaboración participe unha ou máis pemes e que a contribución conxunta destas pemes no custo subvencionable do proxecto sexa polo menos dun 30%.

-O custo subvencionable mínimo do proxecto no seu conxunto será de 150.000 euros, por debaixo do cal non será atendida a solicitude de subvención.

Artigo 2º.-*Custos subvencionables.*

1. En caso de innovación en materia de organización, os custos relativos a instrumental e material serán unicamente os do instrumental e material de TIC.

2. Para a determinación do custo subvencionable consideraranse como investimentos e gastos subvencionables os seguintes:

a) Persoal técnico propio da empresa, sempre e cando estea exclusivamente dedicado ao proxecto. Non se considerarán subvencionables os gastos relacionados co persoal que non teña relación contractual laboral coa empresa beneficiaria da subvención.

b) Persoal técnico adicional que contrate a empresa para a realización do proxecto con carácter exclusivo e que no momento da contratación non teña vinculación laboral coa empresa nin a tivese nos dous últimos anos.

c) Custos de material inventariable: adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización do proxecto, que se dediquen ao proxecto en cuestión e que estean debidamente xustificadas. Admiti-

ranse os alugamentos de equipos só en casos específicos e debidamente razoados. Non se admitirán custos de utilización nin amortizacións. Admitiranse gastos de *leasing*, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

-Deberá existir un compromiso oficial por escrito de adquisición do activo ao remate do contrato de *leasing*.

-As cotas de arrendamento deberán finalizar antes ou ao mesmo tempo que o proxecto obxecto da subvención.

d) Material funxible: adquisición de materiais funxibles ou compoñentes precisos para a execución do proxecto, debidamente xustificadas.

e) Gastos de consultoría externa ou servizos externos, necesarios para a realización do proxecto. Entenderase por servizos tecnolóxicos aquelas actividades que deban ser puntualmente prestadas por outra entidade para que o proxecto poida ser desenvolvido, tales como: análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación; estudos e actividades complementarias e consultorías externas. Cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto do proxecto, considerarase subcontratación e estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 17 da orde de convocatoria. Estes gastos non poderán superar o 50% do importe da subvención concedida.

f) Gastos de viaxes realizadas polo persoal asignado ao proxecto. Os gastos de manutención non poderán superar a contía de 55 euros por persoa e día e os gastos de quilometraxe 0,19 €/km. Será preciso xustificar a necesidade da viaxe para a correcta execución do proxecto.

g) Outros gastos necesarios para o seu desenvolvemento que estean suficientemente xustificadas na memoria (formación específica impartida por axentes externos, adquisición de licenzas de explotación, etc.). Non se poderá imputar por este concepto máis dun 12% do importe total do proxecto. Non se admitirán gastos xerais da empresa (auga, luz e teléfono).

3. Non serán considerados como subvencionables os investimentos e gastos seguintes:

- a) Adquisición de terreo.
- b) Urbanización e obra civil.
- c) Adquisición e aluguer de edificios, naves ou locais.
- d) Gastos financeiros, salvo o establecido na letra d) do punto anterior para o caso de *leasing*.
- e) Investimentos en equipos usados.
- f) Transporte exterior e interior.
- g) Mobiliario en xeral.
- h) Redacción do proxecto de obra civil e dirección facultativa.
- i) Gastos destinados á implantación e certificación de sistemas de xestión da calidade.

j) Aqueles que ao xuízo da comisión de valoración resulten de carácter xeneralista e escasamente innovadores e que acheguen, unicamente, calidades ou capacidades básicas para o correcto funcionamento das liñas de produción ou dos distintos equipamentos.

k) Investimentos en activos procedentes de sociedades do mesmo grupo e os custos derivados do uso de consumibles producidos pola propia empresa ou empresas do mesmo grupo empresarial.

4. Estas subvencións terán, como máximo, tres anualidades contadas desde a anualidade de 2009. Para a anualidade de 2009 só se admitirán aqueles gastos, dos relacionados no punto 2, que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude de subvención e a data límite de xustificación establecida no artigo 18 da convocatoria. Para o resto de anualidades, admitiranse os gastos realizados dentro do período comprendido entre a data límite de xustificación da anualidade anterior e a data límite de xustificación da anualidade corrente.

Artigo 3º.-*Contía das subvencións e concorrencia.*

1. Nos proxectos presentados por pemes (Innovapeme) estas subvencións poderán acadar o 35% do custo subvencionable para pequenas empresas e o 25% para empresas medianas. Nos presentados por grandes empresas (Innovamais) poderán acadar o 15% do custo subvencionable.

2. Para os efectos do establecido no artigo 5.2º da convocatoria, establécese como límite máximo para o conxunto das axudas acadadas as porcentaxes fixadas no punto anterior, para cada tipo de empresa, medidas en termos de equivalente de subvención bruto (ESB).

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarias destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, as empresas de carácter privado con personalidade xurídica que estean validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes e que teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, así como as agrupacións de empresas privadas que individualmente reúnan os anteriores requisitos.

2. As agrupacións de empresas que carezan de personalidade xurídica deberán presentar un proxecto coordinado entre as empresas pertencentes á agrupación de empresas. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto no artigo 23 do D.L. 1/1999.

Artigo 5º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria, e constarán dos seguintes documentos:

a) Formulario normalizado de solicitude, en único exemplar, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, impreso, unha vez que a solicitude fose aceptada, sen engadir

novos datos e sen realizar emendas ou riscadas no seu formato orixinal. Estes formularios deberán ser asinados polo representante legal da entidade solicitante. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificacións. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de I+D+i de calquera cambio que se producise neles.

b) *Curriculum vitae* de todos os membros do equipo humano asignado ao proxecto. Este documento deberase engadir obrigatoriamente na aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria, como documento en formato Word ou PDF a través do mecanismo habilitado para tal efecto.

c) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007.

e) Declaración de cumprir os requisitos de pequena, mediana ou grande empresa.

f) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante, ou NIF no caso de empresario individual.

g) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal da entidade solicitante.

h) Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

i) Declaración pola que se autoriza ou non á Consellería de Economía e Industria a realizar a consulta telemática sobre a comprobación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

j) Informe sobre o efecto incentivador e a necesidade da axuda (só para grandes empresas).

2. A documentación recollida nas letras c), d), e), i) e j) obterase da aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria.

3. No caso de proxectos en colaboración, a empresa que exerza o papel de líder do proxecto deberá cubrir o formulario completo da solicitude, no cal constarán as empresas participantes nel, responsabilizándose da memoria técnica do proxecto, que unicamente figurará nesta solicitude. Na memoria económica do proxecto, ademais do seu orzamento global, deberá especificar a parte correspondente á súa participación. Igualmente, na citada solicitude deben incorporarse unicamente os currículos dos membros do equipo liderado por ela.

4. Pola súa parte, o resto das empresas participantes no proxecto deberán cubrir o formulario de soli-

cidade correspondente, agás a epígrafe relativo á memoria técnica.

Artigo 6º.-*Criterios de valoración.*

1. A comisión de valoración, nunha primeira fase de avaliación, analizará os proxectos presentados á convocatoria co obxecto de comprobar que reúnen os requisitos técnicos exixidos no artigo 1.2º destas bases reguladoras. Aqueles que non reúnan eses requisitos serán propostos para a súa denegación e, consecuentemente, non pasarán á fase de valoración posterior.

2. Para os efectos de valoración das solicitudes presentadas, estas clasificaranse en dúas categorías: proxectos individuais e proxectos en colaboración. Cada proxecto competirá só cos da súa categoría.

3. A valoración de cada proxecto, tanto individual como en colaboración, realizarase sobre un total de 100 puntos e constará de dúas fases: unha valoración realizada por avaliadores externos á Consellería de Economía e Industria (60 puntos) e unha valoración interna realizada pola comisión de valoración (40 puntos). A obtención dunha valoración externa inferior a 15 puntos será causa de exclusión.

4. De acordo co indicado no punto anterior, cada proxecto en colaboración será tratado como un único proxecto, polo que se fará unha avaliación conxunta da que, consecuentemente, resultará unha soa valoración.

5. Os xestores de fomento da innovación empresarial realizarán a selección dos avaliadores externos, entre persoal científico-técnico con experiencia demostrada no seu ámbito, en función da temática específica dos proxectos presentados a esta convocatoria. De cada proxecto tanto individual como en colaboración, faranse dúas avaliacións, por avaliadores distintos, e, no caso de discrepancia significativa entre estas dúas avaliacións, farase unha terceira por outro avaliador. Os xestores, tendo en conta os informes de avaliación, realizarán un informe sobre a idoneidade das solicitudes presentadas.

6. Na valoración externa teranse en conta os seguintes criterios (máximo 60 puntos):

a) Contido do proxecto (máximo 25 puntos): teranse en conta o grao de coñecemento dos antecedentes en relación coa innovación proposta, o obxecto e obxectivos do proxecto (grao de detalle, claridade, precisión e factores críticos) e o seu interese innovador (interese e beneficios para as empresas, novidades ou melloras substanciais con respecto ao estado actual deste campo na industria galega e mundial, así como a aplicabilidade e posibilidade de transferencia destas novidades ou melloras).

b) Viabilidade do proxecto (máximo 20 puntos): teranse en conta o plan de traballo (compatibilidade e coherencia cos obxectivos, factores de risco e adecuación dos recursos humanos e materiais) e o plan de explotación dos resultados (grao de detalle, xustificación e repercusión na conta de resultados da empresa).

c) Capacidade da empresa e do equipo humano asignado ao desenvolvemento do proxecto (máximo 10 puntos): teranse en conta a capacidade técnica para o desenvolvemento do proxecto e a experiencia na dirección de proxectos de innovación e na transferencia de resultados de innovación. No caso de contratar servizos tecnolóxicos externos ou subcontratación para o desenvolvemento do proxecto, por non dispor desta capacidade, substituirase esta valoración pola da entidade que prestará estes servizos.

d) Adecuación do orzamento do proxecto (máximo 5 puntos): terase en conta o grao de xustificación do orzamento para cada unha das tipoloxías de gasto ou investimento asociadas ao proxecto.

7. Na valoración interna teranse en conta os seguintes criterios (máximo 40 puntos):

a) Interese socioeconómico do proxecto, cun máximo de 20 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

* Coherencia dos obxectivos coa política científica e tecnolóxica da Xunta de Galicia (máximo 10 puntos).

* Implicacións ambientais: redución significativa da contaminación ou do consumo enerxético (máximo 5 puntos).

* Incremento de capital humano (máximo 5 puntos).

b) Factores que se van potenciar (máximo 12 puntos): teranse en conta a participación equilibrada de mulleres no equipo humano asignado ao desenvolvemento do proxecto, se é unha empresa adherida a unha plataforma tecnolóxica galega que estea inscrita no rexistro do catálogo de capacidades da Rede Neurona (www.redeneurona.org), e se participa nos grupos de traballo dela, ou se está cualificada como iniciativa de emprego de base tecnolóxica (IEBT) pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, e a dimensión económica do proxecto.

c) Investimento en I+D+I (máximo 6 puntos): terase en conta o investimento nos últimos catro anos e, de ser o caso, os resultados obtidos en proxectos financiados anteriormente pola Dirección Xeral de I+D+i.

d) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita a subvención, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007 (máximo 1 punto).

e) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (máximo 1 punto).

8. A comisión de valoración poderá fixar o número máximo de proxectos que poden ser obxecto destas subvencións para unha mesma empresa ou grupo empresarial. En función das dispoñibilidades orzamentarias poderanse priorizar as solicitudes de empresas que non teñan concedidos proxectos no ano 2008, sempre referido a proxectos que pola súa puntuación sexan propostos para seren financiados.

Artigo 7º.-Xustificación da subvención.

1. Para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, nos prazos indicados no artigo 18º da convocatoria:

a) A relacionada no artigo 18º da convocatoria.

b) Informe parcial da evolución do proxecto e informe final dos resultados do proxecto, no caso da última anualidade, axustados aos formularios que se publican na páxina web da Dirección Xeral de I+D+i.

c) Con carácter opcional, as empresas poderán presentar na última anualidade unha memoria libre en que se detalle o desenvolvemento do proxecto e os resultados obtidos.

d) No caso de proxectos en colaboración, os indicados informes e memorias serán presentados polo líder do proxecto.

e) Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

2. No caso de proxectos en colaboración, se se produce o incumprimento dun dos socios, a Dirección Xeral de I+D+i estudará a posibilidade de que os restantes proxectos que o integran se continúen desenvolvendo.

ANEXO IV

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o cofinanciamento de proxectos subvencionados con anterioridade noutras convocatorias de axudas estatais e internacionais (código de procedemento: IN841D)

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. Con estas subvencións preténdese incrementar a participación das empresas galegas en convocatorias de axudas estatais e internacionais, promovendo accións que faciliten a presenza das empresas galegas en actividades financiadas por outros organismos para asegurar os adecuados retornos científicos, tecnolóxicos e industriais (artigo 8.2º c da Lei de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica).

2. As subvencións reguladas nestas bases teñen por obxecto o cofinanciamento de proxectos que foron obxecto de subvención noutras convocatorias de axuda para a realización de proxectos de I+D+i, que fosen notificadas previamente á Unión Europea, dos seguintes programas internacionais (Programa marco, Programas de innovación da UE, Eureka, Iberoeka ...) ou estatais (PROFIT, instrumentos xestionados polo CDTI, ...)

3. Consideraranse como subvencionables os mesmos conceptos de investimento e gasto que os espe-

cificados na convocatoria en que o proxecto foi obxecto de subvención, para os mesmos períodos de tempo. No caso de que estes non sexan especificados asumiranse como subvencionables aqueles conceptos que aparecen especificados nas bases desta convocatoria que regulan a concesión de subvencións para a realización de proxectos de innovación empresarial.

4. Estes proxectos deberán ter sido subvencionados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2008 e non poderán estar rematados no momento de presentación da solicitude de subvención ao abeiro desta convocatoria.

5. Estas subvencións terán, como máximo, o número de anualidades para as cales foi concedido o proxecto pola outra Administración, sen que en ningún caso poidan exceder do ano 2011.

Artigo 2º.-*Contía das subvencións e concorrencia.*

Sen prexuízo do establecido respecto a incompatibilidades e concorrencia de axudas na convocatoria estatal ou internacional en que o proxecto foi obxecto de axuda, para os efectos do establecido no artigo 5.2º desta convocatoria, a contía da subvención estará suxeita aos seguintes límites:

-O conxunto das axudas acadadas polo proxecto non poderá superar os límites marcados polo Marco comunitario para cada tipoloxía de proxecto e entidade beneficiaria da axuda.

-A contía da subvención non poderá superar os 500.000 euros.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, as empresas de carácter privado con personalidade xurídica que estean validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes e que teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia que teñan concedido un proxecto dos indicados no artigo 1.2º. deste anexo.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria, e constarán dos seguintes documentos:

a) Formulario normalizado de solicitude, en único exemplar, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, impreso sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou riscadas no seu formato orixinal. Estes formularios deberán ser asinados polo representante legal da entidade solicitante. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificacións. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación á Dirección

Xeral de I+D+i de calquera cambio que se produci- se neles.

b) *Curriculum vitae* de todos os membros do equipo humano asignado ao proxecto. Este documento deberase engadir obrigatoriamente na aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, como documento en formato Word ou PDF a través do mecanismo habilitado para tal efecto.

c) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas distintas das que xustifican a solicitude. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas distintas das que xustifican a solicitude.

d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007.

e) Declaración de cumprir os requisitos de pequena, mediana ou gran empresa.

f) Copia compulsada da solicitude presentada ao organismo xestor da convocatoria en que o proxecto foi obxecto de subvención.

g) Copia compulsada da resolución de concesión do organismo competente, que deberá conter ou ir xunto coa seguinte información: conceptos de investimento e gasto que foron obxecto de subvención (descrición e custo), o tipo e contía da subvención e a desagregación por anualidades do custo e da subvención.

h) Memoria libre sobre o estado de execución deste proxecto.

i) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante, ou NIF no caso de empresario individual.

j) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal da entidade solicitante.

l) Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

m) Declaración pola cal se autoriza ou non a Consellería de Economía e Industria a realizar a consulta telemática sobre a comprobación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

n) Informe sobre o efecto incentivador e a necesidade da axuda (só para grandes empresas).

2. A documentación recollida nas letras c), d), e), m) e n) obterase da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria.

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

1. Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

a) Carácter internacional do proxecto (máximo 22 puntos).

b) Capacidade investigadora do consorcio/empresa que presenta o proxecto (máximo 20 puntos).

c) A coherencia dos obxectivos do proxecto coa política científica e tecnolóxica da Xunta de Galicia, en particular as implicacións ambientais (redución significativa da contaminación ou do consumo enerxético), así como o interese innovador do proxecto para o sector produtivo correspondente (máximo 20 puntos).

d) Implicación de máis dun axente executor no proxecto, en particular pertencentes ao sector público (máximo 20 puntos).

e) Creación de novos postos de traballo cualificados, multidiscipliniedade do equipo de traballo e participación equilibrada de mulleres neste equipo (máximo 15 puntos).

f) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita a subvención, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007 (máximo 1 punto).

g) Solicitudade presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (máximo 2 puntos).

2. Aqueles proxectos que obtivesen unha axuda previa a través dalgún dos instrumentos xestionados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) estarán incluídos no ámbito de aplicación do convenio asinado pola extinta Consellería de Innovación e Industria e o citado organismo, e, polo tanto, poderán ser valorados de forma positiva pola Consellería de Economía e Industria sen precisar da realización dunha segunda avaliación por parte deste organismo, quedando por determinar os axustes económicos, así como o grao de elixibilidade da subvención solicitada. Para estes proxectos, a Consellería de Economía e Industria priorizará a axuda financeira en función da súa dispoñibilidade orzamentaria e acorde coas porcentaxes recollidas nesta convocatoria.

Artigo 6º.-Xustificación da subvención.

Para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, nos prazos indicados no artigo 18º da convocatoria:

a) A relacionada no artigo 18º da convocatoria.

b) Memoria libre en que se detalle o desenvolvemento do proxecto e os resultados obtidos.

c) Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas distintas das que xustifican a solicitudade.

ANEXO V

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a preparación de novos proxectos para a participación noutras convocatorias de axudas estatais e internacionais (código de procedemento: IN841E)

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas nestas bases teñen por obxecto a preparación de proxectos que se presenten a convocatorias de axuda de programas estatais ou internacionais (Programa marco, Programas de innovación da UE, Eureka, Iberoeka, CDTI, PROFIT, etc.).

Con estas subvencións preténdese incrementar a participación das empresas galegas en proxectos estatais e internacionais, promovendo accións que faciliten a súa presenza en actividades financiadas por outros organismos para asegurar os adecuados retornos científicos, tecnolóxicos e industriais (artigo 8.2º c) da Lei de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica).

Establécense dúas modalidades de axuda, segundo o tipo de empresa solicitante:

-Innovapeme: solicitudes presentadas por pemes.

-Innovamais: solicitudes presentadas por grandes empresas.

2. Para a determinación do custo subvencionable consideraranse como gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal da entidade solicitante destinado á preparación do proxecto, sempre que se xustifique adecuadamente a súa necesidade e a súa vinculación coa execución deste proxecto. Non se considerarán subvencionables os gastos relacionados co persoal que non teña relación contractual coa empresa beneficiaria da subvención.

b) Gastos de consultoría externa ou servizos externos, necesarios para a preparación do proxecto. Cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto do proxecto, consideraranse subcontratación e estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 17 da orde de convocatoria. Estes gastos non poderán superar o 75% do importe da subvención concedida.

c) Outros gastos suplementarios directamente derivados da preparación do proxecto e que, á vista da solicitudade presentada, se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento (viaxes, reunións, material funxible, etc.).

3. Establécense uns límites de custo subvencionable máximo de 18.000 euros para a participación en convocatorias de programas internacionais (Programa marco, Programas de innovación da UE, Eureka, Iberoeka, etc.) e do Programa nacional Cenit e equi-

valentes (instrumentos CDTI para o financiamento de proxectos integrados e proxectos de apoio ás AEI e clústers empresariais), e de 6.000 euros para a participación en convocatorias dos demais programas estatais (CDTI, PROFIT, etc.).

Así mesmo, o pagamento da subvención estará condicionado á presentación oficial e admisión a trámite do proxecto ante a Administración correspondente.

4. Estas subvencións terán unha única anualidade; polo tanto, só se admitirán aqueles gastos, dos relacionados no punto 2, que fosen realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite de xustificación establecida no artigo 18º da convocatoria.

Artigo 2º.-*Contía das subvencións e concorrencia.*

1. Na modalidade Innovapeme estas subvencións poderán acadar o 60% do custo subvencionable e para a modalidade Innovamais poderán acadar o 50% do custo subvencionable.

2. Estas axudas terán que reunir os seguintes requisitos:

a) As axudas recibidas por unha mesma entidade non poden exceder os 500.000 euros (todas as cifras utilizadas serán importes brutos, é dicir, antes de impostos ou doutras deducións), aínda que se computarán para a dita acumulación tamén as axudas recibidas por unha mesma entidade acollidas ao réxime *de minimis*, entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2010, e as axudas acollidas ao Marco temporal comunitario non poden ir destinadas aos mesmos custos subvencionables que as axudas *de minimis* recibidas.

b) As axudas que se concedan poden acumularse con outras axudas compatibles ou con outras formas de financiamento comunitario, sempre que se respecten as intensidades de axuda máxima indicadas nas directrices ou nos regulamentos de exención por categorías aplicables.

c) As axudas reguladas nesta orde son axudas transparentes no sentido do artigo 2 do número 6º do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, as empresas de carácter privado con personalidade xurídica que estean validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes e que teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.

2. Este réxime de axudas non poderá aplicarse a empresas activas nos sectores da pesca e da agricultura; a axudas á exportación nin a axudas que favorezan os produtos nacionais fronte aos produtos importados; a empresas activas na produción agrícola primaria; a empresas especializadas na transfor-

mación e comercialización de produtos agrícolas se o importe da axuda se establece en función do prezo ou da cantidade de produtos dese tipo comprados polos produtores primarios ou comercializados polas empresas afectadas, ou se a concesión da axuda se supedita á obriga de cedela total ou parcialmente a produtores primarios.

3. A axuda só poderá outorgarse a entidades que non estivesen en crise o 1 de xullo de 2008, segundo o disposto no punto 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* C 244/2 do 1 de outubro de 2004, ou segundo o disposto no número 7º do artigo 1 do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto (Regulamento xeral de exención por categorías).

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria, e constarán dos seguintes documentos:

a) Formulario normalizado de solicitude, en único exemplar, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria, impreso sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou riscadas no seu formato orixinal. Estes formularios deberán ser asinados polo representante legal da entidade solicitante. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificacións. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de I+D+i de calquera cambio que se produci- se neles.

b) *Curriculum vitae* de todos os membros do equipo humano asignado ao proxecto. Este documento deberase engadir obrigatoriamente na aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, como documento en formato Word ou PDF a través do mecanismo habilitado para tal efecto.

c) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas distintas das que xustifican a solicitude. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas distintas das que xustifican a solicitude.

d) Declaración responsable sobre as axudas recibidas ao abeiro do Marco temporal comunitario desde o 1 de xaneiro de 2008, así como doutras axudas de Estado obtidas para os mesmos custos subvencionables, e axudas *de minimis* concedidas por calquera proxecto ao solicitante desde o 1 de xaneiro de 2008, con indicación de importe, organismo, data de concesión, réxime de axudas en que se ampara e obxectivo da axuda e custos subvencionados; ou, de

ser o caso, declaración de non ter recibido ningunha. Así mesmo, declararase a intensidade máxima autorizada pola Unión Europea para cada axuda de Estado concedida para os mesmos custos subvencionables, e indicarse a porcentaxe que representa cada axuda percibida respecto dos custos subvencionables.

e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007.

f) Declaración de cumprir os requisitos de pequena, mediana ou grande empresa.

g) Copia da solicitude presentada ou, no seu defecto, declaración responsable do representante legal da entidade solicitante, en que se compromete á presentación do proxecto ante a Administración correspondente.

h) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante, ou NIF no caso de empresario individual.

i) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal da entidade solicitante.

j) Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

k) Declaración pola cal se autoriza ou non a Consellería de Economía e Industria a realizar a consulta telemática sobre a comprobación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. A documentación recollida nas letras c), d), e) e f) obterase da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria.

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

1. Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

a) Carácter internacional do proxecto. Máximo 22 puntos.

b) Capacidade investigadora do consorcio/empresa que presenta o proxecto. Máximo 20 puntos.

c) A coherencia dos obxectivos do proxecto coa política científica e tecnolóxica da Xunta de Galicia. Máximo 15 puntos.

d) Implicacións ambientais (redución significativa da contaminación ou do consumo enerxético). 5 puntos.

e) Interese innovador do proxecto. Máximo 5 puntos.

f) Implicación de máis dun axente executor no proxecto, en particular pertencentes ao sector público. Máximo 10 puntos.

g) Grao de adecuación do orzamento. Máximo 15 puntos).

h) Resultados con éxito obtidos neste tipo de convocatorias nos tres últimos anos. Máximo 5 puntos.

i) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as cales se solicita a subvención, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007. Máximo 1 punto.

j) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación. Máximo 2 puntos.

2. A comisión de valoración poderá fixar o número máximo de proxectos que poden ser obxecto destas subvencións para unha mesma empresa ou grupo empresarial. Así mesmo, priorizaranse aquelas solicitudes de empresas que non teñan concedidas propostas nos anos 2007 e 2008, ou que nunca se tivesen presentado a esta modalidade de subvención, sempre referido a proxectos que pola súa puntuación sexan propostos para seren financiados.

Artigo 6º.-*Xustificación da subvención.*

Para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, nos prazos indicados no artigo 18º da convocatoria:

a) A relacionada no artigo 18º da convocatoria.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

c) Certificación expresa de que a solicitude foi admitida a trámite na Administración correspondente. No suposto de que a data límite para a presentación dos proxectos se situase no primeiro trimestre de 2010, a devandita certificación poderá ser substituída por unha declaración responsable do representante legal da entidade solicitante acreditativa de tal circunstancia, o que sería suficiente para acadar a fase de recoñecemento de obriga, cumpridos o resto dos requisitos exixidos no artigo 73.a.3º do D.L. 1/1999. A proposta de pagamento poderase tramitar unha vez que se acredite que a solicitude foi admitida a trámite na Administración correspondente.

Artigo 7º.-*Seguimento.*

A entidade beneficiaria da subvención deberá remitirlle á Dirección Xeral de I+D+i, no mesmo momento en que se produza, unha copia da resolución da solicitude presentada no outro organismo, sexa esta positiva ou negativa.



ANEXO VI
INICIATIVAS NO SEU FUTURO
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento e Innovación

ANEXO VII
INICIATIVAS NO SEU FUTURO
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento e Innovación

ANEXO VIII
INICIATIVAS NO SEU FUTURO
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento e Innovación

ANO 2009

SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN EMPRESARIAL

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS PARA AS PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS

DOCUMENTO SOLICITUDE IN841A

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL: _____ ACRÓNIMO: _____

ENDEZEZO: _____ LOCALIDADE: _____

CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____

TELÉFONO: _____ FAX: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

PRIMEIRO APELLIDO: _____ SEGUNDO APELLIDO: _____ NOME: _____ NIF: _____

E, na súa representación legal:

MODALIDADE PARA A QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN

A. CREACIÓN DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS

B. CONSOLIDACIÓN DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS

C. CONTRATOS PROGRAMA POR OBIECTIVOS

DATOS DA SOLICITUDE

NOME DA PLATAFORMA TECNOLÓXICA: _____

GASTOS DE PERSOAL DA ENTIDADE SOLICITANTE: € _____

GASTOS DE CONSULTORÍA EXTERNA OU SERVIZOS EXTERNOS: € _____

OUTROS GASTOS SUPLEMENTARIOS: € _____

CUSTO TOTAL (incluído o IVE) € _____

GRANDEZA SOLICITADA: _____

PORCENTAXE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (mínimo do 100%, e do 90% para os beneficiarios destas subvencións en 2009): _____

TOTAL: € _____

MODALIDADE DE PAGAMENTO

SOLICITA ANTICIPO NON SOLICITA ANTICIPO

OBSERVACIÓNS

XUNTAR A ESTA SOLICITUDE A DOCUMENTACIÓN INDICADA NO ARTIGO 4 DO ANEXO I

- A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como as sancións previstas nos rexistros de axudas, subvencións e conventos e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

- En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informánselle que os datos persoais incluídos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixíndoo un escrito á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, rúa dos Feiáns nº 7 - baixo, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no sobre ou no asunto do escrito o texto "Dereitos LOPD - procedemento IN841A".

EXHIBICIÓN APLICABLE

Orde do 22 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE _____ de _____ de 2009.

Conselleiro de Economía e Industria

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAIDA

SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN EMPRESARIAL

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE

DOCUMENTO SOLICITUDE IN841B

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL: _____ ACRÓNIMO: _____

ENDEZEZO: _____ LOCALIDADE: _____

CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____

TELÉFONO: _____ FAX: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

PRIMEIRO APELLIDO: _____ SEGUNDO APELLIDO: _____ NOME: _____ NIF: _____

E, na súa representación legal:

MODALIDADE PARA A QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN

A. CREACIÓN DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS

B. CONSOLIDACIÓN DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS

C. CONTRATOS PROGRAMA POR OBIECTIVOS

DATOS DA SOLICITUDE

TÍTULO DO ESTUDO DE VIABILIDADE: _____

GASTOS DE PERSOAL DA ENTIDADE SOLICITANTE: € _____

GASTOS DE CONSULTORÍA EXTERNA OU SERVIZOS EXTERNOS: € _____

OUTROS GASTOS SUPLEMENTARIOS: € _____

CUSTO TOTAL (incluído o IVE) € _____

GRANDEZA SOLICITADA: _____

PORCENTAXE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (mínimo segundo tipo empresa: 50% pemes e 40% grandes): _____

TOTAL: € _____

MODALIDADE DE PAGAMENTO

SOLICITA ANTICIPO NON SOLICITA ANTICIPO

OBSERVACIÓNS

XUNTAR A ESTA SOLICITUDE A DOCUMENTACIÓN INDICADA NO ARTIGO 4 DO ANEXO II

- A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como as sancións previstas nos rexistros de axudas, subvencións e conventos e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

- En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informánselle que os datos persoais incluídos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixíndoo un escrito á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, rúa dos Feiáns nº 7 - baixo, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no sobre ou no asunto do escrito o texto "Dereitos LOPD - procedemento IN841B".

EXHIBICIÓN APLICABLE


Orde do 22 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE _____ de _____ de 2009.


Conselleiro de Economía e Industria

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAIDA

ANEXO VIII



Investicións no seu futuro



UNIÓN EUROPEA Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN EMPRESARIAL

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN

DOCUMENTO SOLICITUD IN841C

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL: _____ NIF / CIF: _____ ACRÓNIMO: _____

ENDEREZO: _____ LOCALIDADE: _____

CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____ CÓDIGO POSTAL: _____

TÉLEFONO: _____ FAX: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

E, na súa representación legal:

PRIMEIRO APELLIDO: _____ SEGUNDO APELLIDO: _____ NOME: _____ NIF: _____

DATOS DA SOLICITUDE

TÍTULO DO PROXECTO DE INNOVACIÓN: _____

TIPO DE EMPRESA: _____

INDIVIDUAL EN COLABORACIÓN PEQUENA MEDIANA GRANDE SI NON

CUSTO DO PROXECTO (excluído o IVE): _____ SUBVENCIÓN SOLICITADA: _____

(% do custo total tipo empresa: 35% pequena, 25% mediana e 15% grande)

RESUMO DE CUSTOS DO PROXECTO

PERSONAL TECNICO PROPIO	PERSONAL TECNICO ADICIONAL	MATERIAL INSTRUMENTAL	SERVIZOS TECNOLÓXICOS EXTERNOS	MATERIAL DIVERSO	OUTROS GASTOS	TOTAL
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____

EMPRESA LIDER (só para proxectos en colaboración) SI NON

PARCEN XE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (só para proxectos en colaboración)

3º ANI ALIADO _____

DATOS DO PROXECTO EN COLABORACIÓN (só para este tipo de proxectos)

EMPRESAS PARTICIPANTES: _____ QUE CORRESPONDE AS TEMES (máximo 30%)

MODALIDADE DE PAGAMENTO

SOLICITA ANTICTPO NON SOLICITA ANTICTPO

OBSERVACIÓNS

XUNTAR A ESTA SOLICITUDE A DOCUMENTACIÓN INDICADA NO ARTIGO 4 DO ANEXO III

- A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás funcións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006 do 27 de xullo.

- En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámelle que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un fichero para o seu tratamento, coa finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, rúa dos Feais nº 7 - baixo, 15706-Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no sobre ou no asunto do escrito o texto "Dereitos LOPD" - procedemento IN841C".

EXTRACCIÓN APLICABLE

Orde do 22 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

de 2009.

CONSELLERO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

RECIBIDO

NUMERO DE EXPEDIENTE


DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS


DATA DE SAIDA

(Para cubrir pola Administración)

ANEXO IX



Investicións no seu futuro



UNIÓN EUROPEA Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN EMPRESARIAL

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS SUBVENCIÓNS CON ANTERIORIDADE NOUTRAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS ESTATAIS E INTERNACIONAIS

DOCUMENTO SOLICITUD IN841D

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL: _____ NIF / CIF: _____ ACRÓNIMO: _____

ENDEREZO: _____ LOCALIDADE: _____

CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____ CÓDIGO POSTAL: _____

TÉLEFONO: _____ FAX: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

E, na súa representación legal:

PRIMEIRO APELLIDO: _____ SEGUNDO APELLIDO: _____ NOME: _____ NIF: _____

DATOS DA SOLICITUDE

TÍTULO DO PROXECTO: _____

TIPO DE EMPRESA: _____

PEQUENA MEDIANA GRANDE

CUSTO DO PROXECTO (Aprobado pola convocatoria estatal ou internacional): _____ SUBVENCIÓN SOLICITADA: _____

PROGRAMA A QUE PERTENCE A CONVOCATORIA: _____ ORGANISMO RESPONSABLE: _____ CATEGORÍA ESTATAL OU INTERNACIONAL: _____

DURACIÓN DO PROXECTO

ANO INICIO: _____ ANO FIN: _____

CUSTO APROBADO: _____ DISTRIBUCIÓN DO CUSTO APROBADO POR ANOS: _____

2009: _____ 2010: _____ 2011: _____ Outros anos: _____

IMPORTE PRÉSTAMO CONCEDIDO: _____ IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA: _____

MODALIDADE DE PAGAMENTO

SOLICITA ANTICTPO NON SOLICITA ANTICTPO

OBSERVACIÓNS

XUNTAR A ESTA SOLICITUDE A DOCUMENTACIÓN INDICADA NO ARTIGO 4 DO ANEXO IV

- A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás funcións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006 do 27 de xullo.

- En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámelle que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un fichero para o seu tratamento, coa finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, rúa dos Feais nº 7 - baixo, 15706-Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no sobre ou no asunto do escrito o texto "Dereitos LOPD" - procedemento IN841D".

EXTRACCIÓN APLICABLE

Orde do 22 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

de 2009.

CONSELLERO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

RECIBIDO

NUMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAIDA

(Para cubrir pola Administración)



ANEXO X SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DA INNOVACION EMPRESARIAL ANO 2009

PROCEDIMENTO SUBVENCIONS PARA A PREPARACION DE NOVOS PROXECTOS PARA A INVESTIGACION E OUTRAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS ESTATAIS E INTERNACIONAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZAN SOCIAL	ACRONIMO
ENDEBEZO	LOCALIDADE
CONCELLO	PROVINCIA
TELEFONO	CORREO ELECTRONICO
FAX	CODIGO POSTAL

E, na súa representación legal:

FIRST NAME	NAME
SECOND NAME	NIF

DATOS DA SOLICITUDE

TITULO DO PROXECTO	DOCUMENTO SOLICITUDE
PROGRAMA AO QUE SE VA PRESENTAR O PROXECTO	INSTRUMENTO

GASTOS DE PERSOAL DA ENTIDADE SOLICITANTE:	€	<input type="checkbox"/> GRANDE EMPRESA
GASTOS DE CONSULTORIA EXTERNA OU SERVIZOS EXTERNOS:	€	
OUTROS GASTOS SUPLEMENTARIOS:	€	
TOTAL:	€	
CUSTO TOTAL (incluído o IVE)	€	

OBSERVACIONES

XUNTAR A ESTA SOLICITUDE A DOCUMENTACION INDICADA NO ARTIGO 4 DO ANEXO V

- A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancionadas, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

- En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámelle que os datos persoais consignados nesta solicitude serán incorporados a un fichero para o seu tratamento, con finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexades obter os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos no IIR, dirixíndolo un escrito á Dirección Xeral de Investigación e Innovación Empresarial (Rúa de Galicia, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no sobre ou no asunto o título ou texto "Dereitos LOPD - procedemento IN841E".

DECLARACION APPLICABLE

Desde do 22 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, este procedemento é o procedemento para o ano 2009.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE: _____ de 2009.

DECLARACIÓN DE RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA

D/Dª que acuta a representación da entidade que ten o seu domicilio en co DNI nº.....

MANIFESTA:

Que o día se publicou no *Diario Oficial de Galicia* a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, con código de procedemento para o proxecto euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

..... de de 2009.

(Sinatura do representante e selo da entidade)

